

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

12603 *Real decreto 744/2016, do 30 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, en materia de requisitos específicos para os xéneros e as especies de chantóns de froiteira destinados á produción frutícola, requisitos específicos que deben cumprir os provedores, inspeccións oficiais e requisitos de etiquetaxe, precintaxe e embalaxe.*

O Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, traspuxo ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2008/90/CE do Consello, do 29 de setembro de 2008, relativa á comercialización de materiais de multiplicación de froiteiras e de chantóns de froiteira destinados á produción frutícola, e supuxo a refundición das normas que estaban vixentes.

A Directiva 2008/90/CE do Consello, do 29 de setembro de 2008, foi desenvolvida mediante a Directiva de execución 2014/98/UE da Comisión, do 15 de outubro de 2014, que desenvolve a Directiva 2008/90/CE do Consello no que respecta aos requisitos específicos para os xéneros e as especies de chantóns de froiteira incluídos no seu anexo I, os requisitos específicos que deben cumprir os fornecedores e as inspeccións oficiais, que se traspón ao ordenamento xurídico español mediante o presente real decreto.

Do mesmo modo, o artigo 9 da citada Directiva 2008/90/CE do Consello, do 29 de setembro de 2008, foi desenvolvido mediante a Directiva de execución 2014/96/UE da Comisión, do 14 de outubro de 2014, relativa aos requisitos de etiquetaxe, precintaxe e embalaxe aplicables aos materiais de multiplicación de froiteiras e de chantóns de froiteira destinados á produción frutícola incluídos no ámbito de aplicación da Directiva 2008/90/CE, que se traspón igualmente ao ordenamento xurídico español mediante o presente real decreto.

A Directiva 2014/98/UE establece unhas condicións comúns a toda a Unión Europea para a produción das categorías inicial, de base, certificada e CAC (*Conformitas Agraria Communitatis*), de materiais de reprodución de especies froiteiras. Introdúcese a obrigatoriedade de manter as plantas nai iniciais en testo e en instalacións a proba de insectos; e revísase a lista de pestes e doenzas suxeitas a control. A Directiva 2014/96/UE unifica as normas de etiquetaxe correspondentes ás distintas categorías dos materiais, baseadas nun sistema de cores asociadas a cada categoría. As categorías inicial, de base e certificada, ademais da etiqueta, deberán ir xunto a un documento de acompañamento. No caso dos materiais CAC e estándar, deberán ir acompañados dun documento do fornecedor.

Finalmente, dentro deste marco normativo da Unión Europea, aprobouse, no que atinxe aos aspectos de rexistro, a Directiva de execución 2014/97/UE da Comisión, do 15 de outubro de 2014, que aplica a Directiva 2008/90/CE do Consello no que respecta ao rexistro dos fornecedores e as variedades e á lista común de variedades, que se incorporará ao noso ordenamento a través da correspondente modificación do Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais, aprobado mediante o Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de decembro de 2016,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras.*

O Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, queda modificado como segue:

Un. O artigo 4.d) queda redactado como segue:

«d) Planta nai: unha planta identificada destinada á reprodución;»

Dous. Introdúcense as seguintes alíneas no artigo 4:

«i) Candidato a planta nai inicial: unha planta nai que o fornecedor ten a intención de aceptar como planta nai inicial;

j) Planta nai inicial: unha planta nai destinada a producir materiais iniciais;

k) Planta nai de base: unha planta nai destinada a producir materiais de base;

l) Planta nai certificada: unha planta nai destinada a producir materiais certificados;

ll) Organismo nocivo: unha especie, estirpe ou biotipo dun vexetal, animal ou axente patóxeno prexudicial para os vexetais ou produtos vexetais e que figura nos anexos I, II, II bis e II ter;

m) Inspección visual: o exame de plantas ou partes de plantas a simple vista, cunha lente, un estereoscopio ou un microscopio;

n) Ensaio: un exame distinto da inspección visual;

ñ) Planta testemuña: unha planta obtida dunha planta nai e cultivada para a produción de froitas a fin de permitir a identificación da variedade da planta nai;

o) Categoría: materiais iniciais, de base, certificados, CAC (*Conformitas Agraria Communitatis*) ou estándar.

p) Multiplicación: produción vexetativa de plantas nai para obter un número suficiente na mesma categoría;

q) Renovación dunha planta nai: substitución dunha planta nai por unha planta producida vexetativamente a partir dela;

r) Micropropagación: multiplicación do material vexetal para producir un gran número de plantas utilizando cultivos *in vitro* de gomos vexetativos diferenciados ou meristemas vexetativos diferenciados procedentes dunha planta;

s) Practicamente libres de defectos: calidade dos materiais de reprodución ou chantóns de froiteira en que os defectos que poden prexudicar a súa calidade e utilidade están presentes nun nivel igual ou inferior á contía prevista nas boas prácticas de cultivo e manipulación, e o dito nivel se axusta ás boas prácticas de cultivo e manipulación;

t) Practicamente libres de organismos nocivos: calidade dos materiais de reprodución ou chantóns de froiteira en que os organismos nocivos están presentes nun nivel suficientemente baixo que garanta a calidade e utilidade deses materiais;

u) Criopreservación: o mantemento de material vexetal por arrefecemento a temperaturas moi baixas a fin de manter a súa viabilidade.»

Tres. O artigo 5.d) queda redactado como segue:

«d) Laboratorio: toda instalación utilizada para o ensaio de materiais de reprodución e chantóns de froiteira.»

Catro. Derróganse os artigos 9, 16 e 17.

Cinco. Introdúcese un artigo 18 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 18 bis. *Especificación.*

Os materiais de reprodución que cumpran os requisitos dunha determinada categoría non se mesturarán con materiais doutras categorías.»

Seis. O título do capítulo V queda redactado como segue:

«CAPÍTULO V

Requisitos para os materiais de reprodución e para os chantóns de froiteira de categorías CAC e estándar.»

Sete. O artigo 19 queda redactado como segue:

«Artigo 19. *Requisitos para a aceptación de materiais CAC e estándar, excepto portaenxertos que non pertenzan a unha variedade.*

1. Os materiais CAC e estándar, excepto os portaenxertos que non pertenzan a unha variedade, só se poderán comercializar se se comprobou que cumpren os seguintes requisitos:

- a) Propáganse a partir dunha fonte identificada de material rexistrada polo fornecedor.
- b) Son idénticos á descrición da variedade, de conformidade co artigo 19 *ter*.
- c) Cumpren os requisitos de sanidade do artigo 19 *quáter*.
- d) Cumpren o disposto no artigo 19 *quinqües* canto aos defectos.

2. O fornecedor levará a cabo as accións necesarias para se axustar ao disposto no número 1.

3. En caso de que os materiais CAC e estándar xa non cumpran o disposto no número 1, o fornecedor levará a cabo unha das seguintes accións:

- a) Retirar os materiais dos arredores doutros materiais CAC e estándar.
- b) Ou tomar medidas adecuadas para garantir que volvan cumprir os requisitos.»

Oito. Incorpóranse os novos artigos 19 *bis*, 19 *ter*, 19 *quáter* e 19 *quinqües*, co seguinte contido:

«Artigo 19 bis. *Requisitos para a aceptación de materiais CAC e estándar en caso de portaenxertos que non pertenzan a unha variedade.*

1. No caso de portaenxertos que non pertenzan a unha variedade, os materiais CAC e estándar cumprarán os requisitos seguintes:

- a) Son idénticos á descrición da súa especie.
- b) Cumprarán os requisitos de sanidade do artigo 19 *quáter*.
- c) Cumprarán o disposto no artigo 19 *quinqües* canto aos defectos.

2. O fornecedor levará a cabo as accións necesarias para se axustar ao disposto no número 1.

3. En caso de que os materiais CAC e estándar xa non cumpran o disposto no número 1, o fornecedor levará a cabo unha das seguintes accións:

- a) Retirar os materiais dos arredores doutros materiais CAC e estándar.
- b) Ou tomar medidas adecuadas para garantir que volvan cumprir os requisitos.

Artigo 19 ter. *Identidade coa descrición da variedade.*

1. A identidade dos materiais CAC e estándar coa descrición da variedade establecerase observando a expresión das características da variedade. A dita observación basearase nun dos seguintes elementos:

a) A descrición oficial das variedades rexistradas, conforme o disposto no Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, e das variedades legalmente protexidas como obtención vexetal, ou

b) A descrición que acompaña a solicitude para as variedades obxecto de solicitude de rexistro en calquera Estado membro;

c) A descrición que acompaña a solicitude de protección como obtención vexetal;

d) A descrición oficialmente recoñecida da variedade a que se refire o presente regulamento.

2. A identidade dos materiais CAC e estándar coa descrición da variedade verificarase a intervalos regulares observando a expresión das características da variedade nos materiais CAC e estándar de que se trate.

Artigo 19 quáter. *Requisitos de sanidade.*

1. Os materiais CAC e estándar deberán estar practicamente exentos dos organismos nocivos enumerados nos anexos I, II e II bis, no que se refire ao xénero ou á especie de que se trate.

Deberase comprobar, mediante inspección visual das instalacións, dos campos e dos lotes, que estes materiais CAC e estándar están practicamente exentos dos organismos nocivos enumerados nos anexos I, II e II bis, no que atinxe ao xénero ou á especie de que se trate.

En caso de dúbida sobre a presenza destes organismos nocivos, o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor, levarán a cabo as mostraxes e ensaios dos materiais CAC e estándar de que se trate.

2. O fornecedor efectuará unha inspección visual, mostraxes e ensaios dos materiais CAC e estándar, como establece o anexo II *quáter* para o xénero ou a especie de que se trate.

3. O número 1 non se aplicará aos materiais CAC e estándar durante a criopreservación.

4. Ademais dos requisitos establecidos nos números 1 e 2, os materiais CAC das especies *Citrus* L., *Fortunella* Swingle e *Poncirus* Raf. cumprirán todos os requisitos seguintes:

a) Provirán dunha fonte de material identificada, que estará libre dos organismos nocivos enumerados no anexo II bis para a dita especie, o que quedará demostrado mediante mostraxes e ensaios.

b) Desde o comezo do último ciclo de vexetación encontraranse practicamente libres dos organismos nocivos enumerados no anexo II bis para esa especie, o que quedará demostrado mediante inspección visual, mostraxes e ensaios.

Artigo 19 quinquies. *Requisitos relativos aos defectos.*

Os materiais CAC e estándar estarán practicamente libres de defectos na inspección visual. As lesións, decoloracións, cicatrices ou desecacións consideraranse defectos se afectan a calidade e utilidade como materiais de reprodución.»

Nove. O artigo 19 renumérase e pasa a ser o artigo 20, co seguinte título: «Requisitos aplicables á fonte identificada».

Dez. Derróganse as alíneas a) e d) do artigo 21.

Once. Derrógase o artigo 24.

Doce. O artigo 26 pasa a denominarse «Requisitos específicos para os fornecedores dedicados á produción ou reprodución de materiais de reprodución e chantóns de froiteira» e incorpórase á súa alínea a) un novo ordinal, o 11.º, que queda redactado como segue:

«11.º Localización e número de plantas con indicación da categoría».

Trece. Incorpórase un artigo 29 bis que queda redactado como segue:

«Artigo 29 bis. *Requisitos xerais relativos ás inspeccións oficiais.*

1. Durante as inspeccións oficiais, o organismo oficial responsable prestará especial atención aos seguintes aspectos:

- a) A adecuación dos métodos do fornecedor e a súa utilización efectiva para controlar cada un dos puntos críticos do proceso de produción.
- b) A competencia xeral do persoal do fornecedor para realizar as actividades establecidas polos artigos 26 e 27.

2. Os organismos oficiais responsables elaborarán e manterán rexistros dos resultados e as datas de todas as inspeccións sobre o terreo, mostraxes e ensaios que realicen.»

Catorce. O capítulo VII pasa a denominarse «Fornecedores».

Quince. O capítulo VIII queda redactado como segue:

«CAPÍTULO VIII

Etiquetaxe, precintaxe e embalaxe

Artigo 40. *Partidas etiquetadas.*

As partidas de plantas de viveiro das especies recollidas no anexo XII deberán estar debidamente identificadas durante todos os procesos a que sexan sometidas desde o momento da súa recolla no campo até a súa comercialización.

Artigo 41. *Etiquetaxe de materiais iniciais, de base ou certificados.*

1. O organismo oficial responsable elaborará e colocará unha etiqueta nos vexetais ou partes de vexetais que se vaian comercializar como materiais de multiplicación ou chantóns de froiteira destinados á produción frutícola. O organismo oficial responsable poderá autorizar o fornecedor para elaborar e colocar a etiqueta baixo a súa supervisión. As condicións desta autorización estableceranse regulamentariamente.

2. Os materiais iniciais, de base ou certificados irán etiquetados individualmente, ou en feixes ou en envases segundo as seguintes normas:

Os materiais de multiplicación ou chantóns de froiteira que formen parte do mesmo lote poderanse comercializar cunha soa etiqueta se forman parte da mesma embalaxe, feixe ou envase, en todos os casos precintado.

Os chantóns de froiteira con un ou máis anos de antigüidade deberanse etiquetar individualmente. En tal caso, se os chantóns foron producidos directamente no solo, a etiquetaxe deberá levarse a cabo sobre o terreo, antes da arrinca.

3. A etiqueta deberá conter, como mínimo, a información seguinte:

- a) A indicación “Regras e normas da UE”;
- b) O Estado membro en que se coloca a etiqueta ou o seu código respectivo;
- c) O organismo oficial responsable ou o seu código respectivo;

- d) O nome do fornecedor, ou o seu número de matrícula ou código expedido polo organismo oficial responsable;
- e) O número de referencia do envase ou feixe, ou o número de serie individual ou o número de semana ou o número de lote;
- f) O nome botánico da especie;
- g) A categoría (e, para os materiais de base, tamén o número de xeración).
- h) A denominación da variedade e, se for o caso, o clon. No caso dos portaenxertos que non pertencen a unha variedade, o nome da especie ou o híbrido interespecífico de que se trate. Para os chantóns de froiteira esta información facilitarase respecto aos portaenxertos e enxertos. Para as variedades cuxa solicitude de rexistro oficial ou dunha protección de obtención vexetal estea pendente, a dita información debe indicar: “denominación proposta” e “solicitude pendente”;
- i) Se for o caso, a indicación “variedade con descrición oficialmente recoñecida”
- j) A cantidade;
- k) O país de produción e o seu código respectivo, se é distinto do Estado membro da etiquetaxe;
- l) O ano de emisión;
- m) Se a etiqueta orixinal se substituíu por outra, o ano de emisión da etiqueta orixinal.

5. A etiqueta estará impresa de forma indeleble, ao menos, na lingua oficial do Estado, de maneira que resulte facilmente visible e lexible.

6. A cor da etiqueta será a seguinte:

- a) branca cunha risca violeta en diagonal para os materiais iniciais,
- b) branca para os materiais de base;
- c) azul para os materiais certificados.

Non obstante, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente establecerá o código de cores que se utilizará para diferenciar os patróns e as variedades de cítricos.

Artigo 42. Documento de acompañamento dos materiais iniciais, de base ou certificados.

1. Cando se comercialicen materiais iniciais, de base ou certificados, o organismo oficial responsable ou o fornecedor autorizado elaborarán un documento de acompañamento que complementará a etiqueta.

2. O documento de acompañamento deberá cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos:

- a) incluír toda a información contida na etiqueta, tal como figura nela;
- b) redactarse, ao menos, na lingua española oficial do Estado;
- c) entregarse ao menos por duplicado (fornecedor e destinatario)
- d) acompañar os materiais desde o establecemento do fornecedor até o do destinatario;
- e) incluír o nome e o enderezo do destinatario;
- f) incluír a data de emisión do documento;
- g) incluír, se for o caso, información adicional pertinente relativa aos lotes de que se trate.

3. Se a información contida no documento de acompañamento non se corresponde coa información que figura na etiqueta, prevalecerá a información da etiqueta.

Artigo 43. *Requisitos de precintaxe e envasamento dos materiais iniciais, de base ou certificados.*

1. En caso de que os materiais iniciais, de base ou certificados se comercialicen en lotes de dúas ou máis plantas ou partes de plantas, estes lotes deberán ser suficientemente homoxéneos.

2. As plantas ou partes de plantas que compoñan os lotes deberán estar nunha embalaxe, envase ou feixe, en todos os casos precintados.

3. Para os efectos do presente real decreto, “precintado” significa, no caso dunha embalaxe ou envase, fechado de forma que non se poida abrir sen danar o fecho, e no caso dun feixe, atado de forma que as plantas ou partes de plantas que o compoñan non se poidan separar sen danar os atumes. A embalaxe, envase ou feixe etiquetaranse de maneira que se se lles tira a etiqueta perdan a súa validez.

4. A precintaxe farase baixo supervisión da autoridade competente. Poderanse determinar regulamentariamente as condicións para autorizar que a etiquetaxe e a precintaxe sexan realizadas polo fornecedor baixo supervisión da autoridade competente. A operación de precintaxe reflectirase nunha acta en modelo oficial, que será asinada pola entidade e por persoal do organismo oficial responsable, facendo constar as circunstancias en que se realizaron tales operacións.

Artigo 44. *Documento do fornecedor para materiais CAC e estándar.*

1. Os materiais de multiplicación e os chantóns de froiteira destinados á produción frutícola que se poden clasificar como materiais CAC (*Conformitas Agraria Communitatis*) ou como materiais estándar comercializaranse acompañados cun documento preparado polo fornecedor (no sucesivo denominado “documento do fornecedor”).

2. O material vexetal acompañado polo documento do fornecedor debe quedar claramente identificado.

3. O documento do fornecedor deberá conter, como mínimo, a información seguinte:

- a) a indicación “Regras e normas da UE”;
- b) o Estado membro en que se elaborou o documento do fornecedor ou o seu código respectivo;
- c) o organismo oficial responsable ou o seu código respectivo;
- d) o nome do fornecedor ou o seu número de matrícula ou código expedido polo organismo oficial responsable;
- e) a cantidade;
- f) o nome botánico e común da especie;
- g) a denominación da variedade e, se for o caso, o clon. No caso dos patróns que non pertencen a unha variedade, o nome da especie ou o híbrido interespecífico de que se trate. Para os chantóns de froiteira esta información facilitarase respecto aos patróns e aos enxertos. Para as variedades cuxa solicitude de rexistro oficial ou dunha protección de obtención vexetal estea pendente, a información debe indicar: «denominación proposta» e «solicitude pendente»;
- h) a indicación “material CAC”;
- i) o número de serie individual, ou o número de semana, ou o número de lote;
- j) o país de produción e o seu código respectivo, se é distinto do Estado membro en que se elaborou o documento do fornecedor;
- k) a data de emisión do documento.

4. O documento do fornecedor estará impreso de forma indeleble, ao menos, na lingua española oficial do Estado, de maneira que resulte facilmente visible e lexible.

5. O material estándar acompañarase dun documento do fornecedor de acordo cos números 2, 3 e 4, pero eliminarase a indicación “Regras e normas da UE” e substituirase na alínea g) a indicación “material CAC” por “material estándar”.

Dezaseis. Os artigos 41, 44, 52 e 42 renuméranse e pasan a ser os artigos 45, 46, 47 e 47 bis, respectivamente, todos eles dentro do capítulo VIII.

Dezasete. Os artigos 42 bis, 45, 46 e 47 renuméranse e pasan a ser os artigos 48, 49, 50 e 51, respectivamente, todos eles dentro do capítulo IX.

Dezaioito. O capítulo X queda redactado como segue:

«CAPÍTULO X

Requisitos para os materiais de reprodución e para os chantóns de froiteira das categorías inicial, de base e certificada

Sección 1.^a Requisitos xerais

Artigo 52. Requisitos.

A produción e a comercialización de plantas de viveiro de categorías inicial, base e certificada, ademais de cumprir as condicións sinaladas neste regulamento para o material CAC, cumprirán as que de forma específica se sinalan neste capítulo e nos anexos V, VI, VII, VIII, IX e XI, para os subgrupos froiteiras de pebida e carabuña, cítricos, amorodo, bananeira, oliveira e aguacate, respectivamente.

Artigo 53. Mostraxes e ensaios encamiñados a comprobar o cumprimento dos requisitos de sanidade.

1. As mostraxes e ensaios efectuaranse durante o período do ano máis adecuado tendo en conta as condicións climáticas e as condicións de cultivo da planta e a bioloxía dos seus organismos nocivos. As mostraxes e ensaios tamén terán lugar en calquera momento do ano, en caso de dúbida sobre a presenza deses organismos nocivos.

2. No que respecta aos procedementos de mostraxe e ensaio encamiñados a comprobar o cumprimento dos requisitos de sanidade, aplicaranse os protocolos da Organización Europea e Mediterránea para a Protección das Plantas (OEPP) ou outros protocolos internacionalmente recoñecidos. Nos casos en que non existan tales protocolos, o organismo oficial responsable aplicará os protocolos pertinentes establecidos no ámbito nacional. En tal caso, os Estados membros, logo de solicitude, porán eses protocolos ao dispor dos demais Estados membros e da Comisión.

3. O organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor, presentarán as mostras a laboratorios oficialmente aceptados polo organismo oficial responsable.

4. O método de ensaio de virus, viroides, doenzas semellantes ás víricas e fitoplasmas aplicado aos candidatos a plantas nai iniciais e ás plantas nai iniciais producidas por renovación será a indexación biolóxica con plantas indicadoras. Poderanse aplicar outros métodos de ensaio se a Subdirección Xeral de Medios de Produción Agrícola e a Oficina Española de Variedades Vexetais do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente considera, sobre a base de probas científicas revisadas por homólogos, que producen resultados tan fiables como a indexación biolóxica con plantas indicadoras.

Sección 2.^a Requisitos para os materiais iniciais

Artigo 54. Requisitos para a certificación de materiais iniciais.

1. Os materiais de reprodución distintos das plantas nai e dos portaenxertos que non pertencen a unha variedade certificaranse oficialmente, logo de solicitude, como materiais iniciais se se comprobou que satisfán os seguintes requisitos:

a) Obtivéronse directamente dunha planta nai de conformidade co artigo 64 ou o artigo 65;

- b) Son idénticos á descrición da súa variedade e a súa identidade coa descrición da variedade verificouse conforme o artigo 58;
- c) Mantivéronse de conformidade co artigo 59;
- d) Cumpren os requisitos de sanidade do artigo 61;
- e) Se se concedeu unha excepción conforme o artigo 59.4, para o cultivo de plantas nai iniciais e materiais iniciais no campo en condicións non a proba de insectos, o solo cumpre o disposto no artigo 62;
- f) Cumpren o disposto no artigo 63 canto aos defectos.

2. A planta nai mencionada no número 1.a) debe ter sido aceptada conforme o artigo 56 ou terse obtido mediante multiplicación conforme o artigo 64 ou por micropropagación conforme o artigo 65.

3. Cando unha planta nai inicial ou uns materiais iniciais deixen de cumprir os requisitos dos artigos 58 a 63, o fornecedor retiraraos dos arredores doutras plantas nai iniciais e materiais iniciais. A planta nai ou o material retirados poderanse utilizar como materiais de base, certificados ou CAC sempre que cumpran os requisitos establecidos no presente real decreto para as respectivas categorías.

En lugar de retirar a dita planta nai ou o dito material, o fornecedor poderá tomar medidas adecuadas para garantir que volvan cumprir os requisitos.

Artigo 55. Requisitos para a certificación como material inicial dos portaenxertos que non pertenzan a unha variedade.

1. Os portaenxertos que non pertenzan a unha variedade certificaranse oficialmente, logo de solicitude, como materiais iniciais se se comprobou que cumpren os seguintes requisitos:

- a) Multiplicáronse directamente, por reprodución vexetativa ou sexual, dunha planta nai; no caso de reprodución sexual, os axentes polinizadores deberán ter sido producidos directamente por multiplicación vexetativa dunha planta nai.
- b) Son idénticos á descrición da súa especie.
- c) Mantivéronse de conformidade co artigo 59.
- d) Cumpren os requisitos de sanidade do artigo 61.
- e) Se se concedeu unha excepción conforme o artigo 59.4, para o cultivo de plantas nai iniciais e materiais iniciais no campo en condicións non a proba de insectos, o solo cumpre o disposto no artigo 62;
- f) Cumpren o disposto no artigo 63 canto aos defectos.

2. A planta nai mencionada no número 1.a) debe ter sido aceptada conforme o artigo 57 ou terse obtido mediante multiplicación conforme o artigo 64 ou por micropropagación conforme o artigo 65.

3. Cando un portaenxerto que sexa unha planta nai inicial ou un material inicial deixe de cumprir os requisitos dos artigos 59 a 63, o fornecedor retirarao dos arredores doutras plantas nai iniciais e materiais iniciais. O portaenxerto retirado poderase utilizar como material de base, certificado ou CAC sempre que cumpra os requisitos establecidos no presente real decreto para as respectivas categorías.

En lugar de retirar o portaenxerto, o fornecedor poderá tomar medidas adecuadas para garantir que volva cumprir os requisitos.

Artigo 56. Requisitos para a aceptación dunha planta nai inicial.

1. O organismo oficial responsable aceptará unha planta como planta nai inicial se se axusta ao disposto nos artigos 58 a 63, e se a súa identidade coa descrición da súa variedade está establecida conforme os números 2, 3 e 4.

Esa aceptación terá lugar sobre a base dunha inspección oficial e os resultados de ensaios, rexistros e procedementos determinados no artigo 28.

2. O organismo oficial responsable establecerá a identidade da planta nai inicial coa descrición da súa variedade observando a expresión das características da variedade. Esta observación basearase nun dos seguintes elementos:

a) A descrición oficial dalgunha das variedades inscritas en calquera rexistro nacional de variedades e as variedades protexidas xuridicamente por un dereito de obtención vexetal.

b) A descrición que acompaña a solicitude para as variedades obxecto de solicitude de rexistro en calquera Estado membro.

c) A descrición que acompaña a solicitude para as variedades obxecto dunha solicitude de rexistro dun dereito de obtención vexetal;

d) A descrición oficialmente recoñecida, se a variedade obxecto da descrición figura nun rexistro nacional.

3. Cando se apliquen a alínea b) ou a alínea c) do número 2, só se poderá aceptar a planta nai inicial se está dispoñible un informe elaborado por un organismo oficial responsable na Unión ou nun terceiro país que demostre que a variedade correspondente é distinta, homoxénea e estable. No Reino de España os informes serán emitidos pola Subdirección Xeral de Medios de Produción Agrícola e Oficina Española de Variedades Vexetais, do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. Non obstante, á espera da inscrición da variedade de que se trate, a planta nai e os materiais producidos a partir dela só se poderán utilizar para producir materiais de base ou certificados, e non se poderán comercializar como materiais iniciais, de base ou certificados.

4. En caso de que o establecemento da identidade coa descrición da variedade só sexa posible sobre a base das características dunha planta con froito, a observación da expresión das características da variedade levarase a cabo sobre os froitos dunha planta testemuña obtida da planta nai inicial. Estas plantas testemuña manteranse separadas das plantas nai iniciais e dos materiais iniciais.

As plantas testemuña deberanse inspeccionar visualmente nos períodos do ano máis adecuados, tendo en conta as condicións climáticas e de cultivo das plantas dos xéneros ou especies de que se trate.

Artigo 57. Requisitos para a aceptación de portaenxertos que non pertencen a unha variedade.

O organismo oficial responsable poderá aceptar un portaenxerto que non pertenza a unha variedade como planta nai inicial se a descrición da súa especie está comprobada e se se axusta ao disposto nos artigos 59 a 63.

Esa aceptación terá lugar sobre a base dunha inspección oficial e dos resultados de ensaios, rexistros e procedementos determinados no artigo 28.

Artigo 58. Verificación da identidade coa descrición da variedade.

O organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor, verificarán periodicamente a identidade das plantas nai iniciais e dos materiais iniciais coa descrición da súa variedade, conforme o artigo 56, números 2 e 3, segundo proceda para a variedade de que se trate e o método de reprodución utilizado.

Ademais da verificación periódica das plantas nai iniciais e dos materiais iniciais, o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor, verificarán, despois de cada renovación, as plantas nai iniciais que deles deriven.

Artigo 59. Requisitos relativos ao mantemento das plantas nai iniciais e dos materiais iniciais.

1. Os fornecedores deberán manter as plantas nai iniciais e os materiais iniciais en instalacións especiais para os xéneros ou as especies de que se trate,

que estean a proba de insectos e libres de infeccións por vectores aéreos e de calquera outra fonte posible ao longo de todo o proceso de produción.

Os candidatos a plantas nai iniciais manteranse en condicións a proba de insectos e fisicamente illados das plantas nai iniciais nas instalacións a que se refire o parágrafo primeiro até concluíren todos os ensaios, de conformidade co artigo 60, números 1 e 2.

2. As plantas nai iniciais e os materiais iniciais manteranse de tal forma que se garanta a súa identificación individual ao longo de todo o proceso de produción.

3. As plantas nai iniciais e os materiais iniciais cultivaranse ou produciranse illados do solo, en testos con medios de cultivo sen terra do solo ou esterilizados. Identificaranse mediante etiquetas que garantan a súa rastrexabilidade.

4. Non obstante o disposto nos números 1, 2 e 3, a Comisión Europea poderá conceder a autorización para producir en España plantas nai iniciais e materiais iniciais no campo en condicións non a proba de insectos para determinados xéneros ou especies incluídos no anexo I da Directiva 2008/90. No caso das especies incluídas no anexo XII deste real decreto pero non no anexo I da Directiva 2008/90, esta autorización será concedida pola Subdirección Xeral de Medios de Producción Agrícola e Oficina Española de Variedades Vexetais do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. Estes materiais identificaranse mediante etiquetas que garantan a súa rastrexabilidade. A autorización concederáse sempre que o Reino de España vele por que se adopten medidas adecuadas para evitar a infección dos vexetais por vectores aéreos, contactos de raíces, infeccións cruzadas causadas por máquinas, navallas de enxertar e calquera outra fonte posible.

5. As plantas nai iniciais e os materiais iniciais poderanse manter mediante criopreservación.

6. As plantas nai iniciais só se poderán utilizar durante un período calculado sobre a base da estabilidade da variedade ou das condicións ambientais en que se cultivan e de calquera outro factor que repercuta na estabilidade da variedade.

Artigo 60. Requisitos de sanidade para os candidatos a planta nai inicial e para as plantas nai iniciais producidas por renovación.

1. Un candidato a planta nai inicial estará libre dos organismos nocivos enumerados no anexo I, polo que se refire ao xénero ou á especie de que se trate.

O candidato a planta nai inicial en cuestión considerarase libre dos organismos nocivos enumerados no anexo I, polo que se refire ao xénero ou á especie de que se trate, mediante inspección visual nas instalacións e campos.

A inspección visual realizaraa o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor.

En caso de dúbida sobre a presenza destes organismos nocivos, o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor levarán a cabo as mostraxes e ensaios dos candidatos a planta nai inicial de que se trate.

2. Un candidato a planta nai inicial estará libre dos organismos nocivos enumerados no anexo II ou II bis, polo que se refire ao xénero ou á especie de que se trate.

O candidato a planta nai inicial en cuestión considerarase libre dos organismos nocivos enumerados no anexo II ou II bis, polo que se refire ao xénero ou á especie de que se trate, mediante inspección visual nas instalacións e campos, mostraxes ou ensaios.

A inspección visual, as mostraxes e os ensaios realizaraos o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor.

3. Non obstante o disposto no número 2, cando o candidato a planta nai inicial sexa unha plántula, a inspección visual e as mostraxes e ensaios só serán necesarios polo que se refire a virus, viroides ou doenzas semellantes ás víricas transmitidos polo pole e enumerados no anexo II ou II bis, polo que respecta aos xéneros e especies de que se trate, sempre que unha inspección oficial confirmase

que a plántula en cuestión se cultivou a partir dunha semente producida por unha planta exenta de síntomas provocados por virus, viroides e doenzas semellantes ás víricas, e que a plántula se mantivo conforme o artigo 59, números 1 e 3.

4. O número 1 aplicarase tamén a unha planta nai inicial producida por renovación.

Unha planta nai inicial producida por renovación estará libre dos virus e viroides enumerados no anexo II ou II bis, polo que se refire ao xénero ou á especie de que se trate.

Deberase comprobar mediante inspección visual das instalacións, dos campos e dos lotes, e mediante mostraxes e ensaios, que a planta nai inicial está libre de virus e viroides.

A inspección visual, as mostraxes e os ensaios realizaraos o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor.

Artigo 61. *Requisitos de sanidade para as plantas nai iniciais e para os materiais iniciais.*

1. Unha planta nai inicial ou os materiais iniciais estarán libres dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II ou II bis, polo que se refire ao xénero ou á especie de que se trate.

Deberase comprobar mediante inspección visual das instalacións, dos campos e dos lotes, que esta planta nai inicial ou estes materiais iniciais están libres dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II ou II bis, polo que se refire ao xénero ou á especie de que se trate. A inspección visual realizaraa o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor.

A porcentaxe de plantas nai iniciais ou materiais iniciais que estean infestados polos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte B, non superará os niveis de tolerancia que ese anexo establece. Deberase comprobar mediante inspección visual das instalacións, dos campos e dos lotes, que estas plantas nai iniciais ou estes materiais iniciais respecten os ditos niveis. A inspección visual realizaraa o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor.

En caso de dúbida sobre a presenza deses organismos nocivos, o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor levarán a cabo as mostraxes e ensaios das plantas nai iniciais ou dos materiais iniciais de que se trate.

2. O organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor efectuarán unha inspección visual, mostraxes e ensaios da planta nai inicial ou os materiais iniciais, como establece o anexo II *quáter* para o xénero ou a especie de que se trate.

3. O número 1 non se aplicará ás plantas nai iniciais nin aos materiais iniciais durante a criopreservación.

Artigo 62. *Requisitos relativos ao solo.*

1. As plantas nai iniciais e os materiais iniciais só se poderán cultivar nun solo libre de todos os organismos nocivos enumerados no anexo II ter, en función do xénero ou da especie de que se trate, e daquelas que son reservorios de virus que afectan o dito xénero ou especie. Unhas mostraxes e ensaios deberán establecer que o terreo está exento deses organismos nocivos.

As mostraxes realizaraas o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor.

As mostraxes e ensaios levaranse a cabo antes de plantar esas plantas nai iniciais ou eses materiais iniciais, e repetiranse durante o crecemento cando se sospeite a presenza dos organismos nocivos determinados no número 1.

As mostraxes e ensaios levaranse a cabo tendo en conta as condicións climáticas e a bioloxía dos organismos nocivos enumerados no anexo II ter, e cando estas sexan relevantes para esas plantas nai iniciais ou eses materiais iniciais.

2. As mostraxes e ensaios non se levarán a cabo se as plantas que poden hospedar os organismos nocivos enumerados no anexo II ter en función do xénero ou da especie de que se trate non foron cultivadas no solo de produción durante un período de, ao menos, cinco anos e non hai ningunha dúbida sobre a ausencia dos seus organismos nocivos nese solo.

As mostraxes e ensaios non se levarán a cabo se o organismo oficial responsable decide, sobre a base dunha inspección oficial, que o solo está libre de todos os organismos nocivos enumerados no anexo II ter, en función do xénero ou da especie de que se trate, e daquelas que son reservatorios de virus que afectan o dito xénero ou especie.

3. No caso das mostraxes e ensaios determinados no número 1, aplicaranse os protocolos da OEPP ou outros protocolos internacionalmente recoñecidos. Nos casos en que non existan tales protocolos, os Estados membros aplicarán os protocolos pertinentes establecidos no ámbito nacional. En tal caso, os Estados membros, logo de solicitude, porán protocolos ao dispor dos demais Estados membros e da Comisión.

Artigo 63. Requisitos relativos aos defectos que poidan afectar a calidade.

As plantas nai iniciais e os materiais iniciais deben estar practicamente libres de defectos, sobre a base dunha inspección visual. A inspección visual realizaraa o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor. As lesións, decoloracións, cicatrices ou desecacións consideraranse defectos se afectan a calidade e utilidade como materiais de reprodución.

Artigo 64. Requisitos relativos á multiplicación, renovación e reprodución das plantas nai iniciais.

1. O fornecedor poderá multiplicar ou renovar unha planta nai inicial aceptada conforme o artigo 56.1.

2. O fornecedor poderá propagar unha planta nai inicial para producir materiais iniciais.

3. A multiplicación, renovación e reprodución de plantas nai iniciais levarase a cabo conforme os protocolos a que se refire o número 4.

4. Aplicaranse protocolos relativos á multiplicación, renovación e reprodución das plantas nai iniciais. Aplicaranse os protocolos da OEPP ou outros que gocen de recoñecemento internacional. Nos casos en que non existan tales protocolos, os Estados membros aplicarán protocolos pertinentes establecidos no ámbito nacional. En tal caso, logo de solicitude, poranse os ditos protocolos á disposición dos demais Estados membros e da Comisión.

Os protocolos a que se refire o parágrafo primeiro deberán ter sido ensaiados nos xéneros ou especies pertinentes durante o prazo que se considere apropiado para eses xéneros ou especies. O dito prazo consideraranse adecuado cando permita validar o fenotipo das plantas no que se refire á identidade coa descrición da variedade baseada na observación da produción frutícola ou do desenvolvemento vexetativo dos portaenxertos.

5. O fornecedor só poderá renovar a planta nai inicial antes do fin do prazo establecido no artigo 59.6.

Artigo 65. Requisitos relativos á multiplicación, renovación e reprodución por micropropagación das plantas nai iniciais.

1. A multiplicación, renovación e reprodución por micropropagación de plantas nai iniciais para producir outras plantas nai iniciais ou materiais iniciais levaranse a cabo conforme os protocolos establecidos no número 2.

2. Aplicaranse protocolos sobre micropropagación de plantas nai iniciais e materiais iniciais, que serán protocolos da OEPP ou outros que gocen de

recoñecemento internacional. Nos casos en que non existan tales protocolos, aplicaranse protocolos pertinentes establecidos no ámbito nacional. En tal caso, logo de solicitude, poranse os ditos protocolos á disposición dos demais Estados membros e da Comisión.

Só se aplicarán protocolos que fosen probados no xénero ou na especie de que se trate durante un prazo que se considere suficiente para validar o fenotipo das plantas no que se refire á identidade coa descrición da variedade baseada na observación da produción frutícola ou do desenvolvemento vexetativo dos portaenxertos.

Sección 3.^a Requisitos para os materiais de base

Artigo 66. Requisitos para a certificación de materiais de base.

1. Os materiais de reprodución distintos das plantas nai de base e dos portaenxertos que non pertencen a unha variedade certificaranse oficialmente, logo de solicitude, como materiais de base se cumpren os requisitos dos números 2, 3 e 4.

2. Os materiais de reprodución de base obteranse dunha planta nai de base. Unha planta nai de base deberá cumprir un dos seguintes requisitos:

- a) Ter sido producida a partir de materiais iniciais.
- b) Ter sido producida mediante multiplicación a partir dunha planta nai de base conforme o artigo 70.

3. Os materiais de reprodución cumprirán os requisitos establecidos no artigo 58, no artigo 59.6 e no artigo 63.

4. Os materiais de reprodución cumprirán os requisitos adicionais relativos:

- a) Á sanidade, como establece o artigo 67;
- b) Ao solo, como establece o artigo 68;
- c) Ao mantemento de plantas nai de base e materiais de base, como establece o artigo 69;
- d) Ás condicións específicas para a reprodución, como establece o artigo 70.

5. Un portaenxerto que non pertenza a unha variedade certificarase oficialmente, logo de solicitude, como material de base se é idéntico á descrición da súa especie e cumpre os requisitos establecidos no artigo 59, números 2 e 6, e os requisitos adicionais dos artigos 63, 67, 68, 69 e 70.

6. Para os efectos da presente sección, toda referencia feita nas disposicións mencionadas nos números 3 e 5 ás plantas nai iniciais entenderase feita a plantas nai de base, e toda referencia aos materiais iniciais entenderase feita a materiais de base.

7. Cando unha planta nai de base ou uns materiais de base deixen de cumprir os requisitos do artigo 58, do artigo 59, números 2 e 6, do artigo 63, do artigo 67 e do artigo 68, o fornecedor retiraraos dos arredores doutras plantas nai de base e materiais de base. A planta nai ou os materiais retirados poderanse utilizar como materiais certificados, CAC ou estándar sempre que cumpran os requisitos establecidos no presente real decreto para as respectivas categorías.

En lugar de retirar a dita planta nai ou os ditos materiais, o fornecedor poderá tomar medidas adecuadas para garantir que volvan cumprir os requisitos.

8. Cando un portaenxerto que non pertenza a unha variedade sexa unha planta nai de base ou uns materiais de base que deixasen de cumprir os requisitos do artigo 59, números 2 e 6, do artigo 63, do artigo 67 e do artigo 68, o fornecedor retirarao dos arredores doutras plantas nai de base e materiais de base. O portaenxerto retirado poderase utilizar como material certificado, CAC ou estándar sempre que cumpra os requisitos establecidos neste real decreto para as respectivas categorías.

En lugar de retirar o portaenxerto, o fornecedor poderá tomar medidas adecuadas para garantir que volva cumprir os requisitos.

Artigo 67. *Requisitos de sanidade.*

1. Unha planta nai de base ou os materiais de base estarán libres dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II ou II bis, polo que se refire ao xénero ou á especie de que se trate.

Deberase comprobar mediante inspección visual das instalacións, dos campos e dos lotes, que esta planta nai de base ou estes materiais de base están libres dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II ou II bis, polo que se refire ao xénero ou á especie de que se trate. A inspección visual realizaraa o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor.

A porcentaxe de plantas nai de base ou materiais de base que estean infestados polos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte B, non superará os niveis de tolerancia que o dito anexo establece. Deberase comprobar mediante inspección visual das instalacións, dos campos e dos lotes, que estas plantas nai de base ou estes materiais de base respecten os ditos niveis. A inspección visual realizaraa o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor.

En caso de dúbida sobre a presenza destes organismos nocivos, o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor levarán a cabo as mostraxes e ensaios das plantas nai de base ou dos materiais de base de que se trate.

2. O organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor efectuarán unha inspección visual, mostraxes e ensaios da planta nai de base ou os materiais de base, como establece o anexo II *quáter* para o xénero ou a especie de que se trate.

3. O número 1 non se aplicará ás plantas nai de base nin aos materiais de base durante a criopreservación.

Artigo 68. *Requisitos relativos ao solo.*

1. As plantas nai de base e os materiais de base só se poderán cultivar nun solo libre de todos os organismos nocivos enumerados no anexo II ter, en función do xénero ou da especie de que se trate, e daquelas que son reservatorios de virus que afectan o dito xénero ou especie. Unhas mostraxes e ensaios deberán establecer que o terreo está exento de tales organismos nocivos que son reservatorios dos virus.

As mostraxes realizaraas o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor.

As mostraxes e ensaios levaranse a cabo antes de plantar esas plantas nai de base ou eses materiais de base, e repetiranse durante o crecemento cando se sospeite a presenza dos organismos nocivos determinados no número 1.

As mostraxes e os ensaios levaranse a cabo tendo en conta as condicións climáticas e a bioloxía dos organismos nocivos enumerados no anexo II ter, e cando estes organismos nocivos sexan pertinentes para esas plantas nai de base ou eses materiais de base.

2. As mostraxes e os ensaios non se levarán a cabo se as plantas que poden hospedar os organismos nocivos enumerados no anexo II ter en función do xénero ou da especie de que se trate non foron cultivadas no solo de produción durante un período de, ao menos, cinco anos e non hai ningunha dúbida sobre a ausencia dos seus organismos nocivos no solo.

As mostraxes e os ensaios non se levarán a cabo se o organismo oficial responsable decide, sobre a base dunha inspección oficial, que o solo está libre de todos os organismos nocivos enumerados no anexo II ter, en función do xénero ou da especie de que se trate, e daquelas que son reservatorios de virus que afectan o dito xénero ou especie.

3. No caso das mostraxes e ensaios determinados no número 1, aplicaranse os protocolos da OEPP ou outros protocolos internacionalmente recoñecidos. Nos casos en que non existan tales protocolos, aplicaranse os protocolos pertinentes establecidos no ámbito nacional. En tal caso, logo de solicitude, poranse este protocolos ao dispor dos demais Estados membros e da Comisión.

Artigo 69. *Requisitos relativos ao mantemento das plantas nai de base e dos materiais de base.*

1. As plantas nai de base e os materiais de base manteranse en campos illados de posibles fontes de infección por vectores aéreos, contacto de raíces, infeccións cruzadas causadas por máquinas, navallas de enxertar ou calquera outra fonte posible.

2. A distancia de illamento dos campos a que se refire o número 1 dependerá das circunstancias rexionais, do tipo de materiais de reprodución, da presenza de organismos nocivos na zona en cuestión e dos riscos pertinentes, segundo o establecido polo organismo oficial responsable sobre a base dunha inspección oficial.

Artigo 70. *Condicións para a multiplicación.*

1. As plantas nai de base que se cultivan a partir de materiais iniciais no sentido do artigo 66.2.a) poderán multiplicarse en varias xeracións co fin de alcanzar o número necesario delas. As plantas nai de base multiplicaranse de conformidade co artigo 64 ou por micropropagación, de conformidade co disposto no artigo 65. O número máximo autorizado de xeracións e a vida útil máxima autorizada das plantas nai de base serán os que figuran no anexo II *quinquies* para os correspondentes xéneros ou especies.

2. Cando estean permitidas varias xeracións de plantas nai de base, cada xeración, excepto a primeira, poderá derivarse de calquera das xeracións anteriores.

3. Os materiais de reprodución de distintas xeracións conservaranse por separado.

Sección 4.^a Requisitos para os materiais certificados

Artigo 71. *Requisitos para a certificación de materiais certificados.*

1. Os materiais de reprodución distintos das plantas nai e dos chantóns de froiteira poderán, se así se solicita, ser certificados oficialmente como materiais certificados se cumpren os requisitos establecidos nos números 2, 3 e 4.

2. Os materiais de reprodución e os chantóns de froiteira obteranse dunha planta nai certificada.

Unha planta nai certificada deberá cumprir un dos seguintes requisitos:

- a) Ter sido producida a partir de materiais iniciais.
- b) Ter sido producida a partir de materiais de base.

3. Os materiais de reprodución e os chantóns de froiteira cumprarán os requisitos establecidos no artigo 58, no artigo 59.6 e nos artigos 63, 72 e 73.

4. Os materiais de reprodución e os chantóns de froiteira cumprarán os requisitos de sanidade establecidos no artigo 72.

Os materiais de reprodución e os chantóns de froiteira multiplicaranse a partir de plantas nai certificadas que cumpran os requisitos relativos ao solo que establece o artigo 73.

5. Un portaenxerto que non pertenza a unha variedade certificarase oficialmente, logo de solicitude, como material certificado se é idéntico á descrición da súa especie e cumpre os requisitos establecidos no artigo 59.6 e os requisitos adicionais dos artigos 63, 72 e 73.

6. Para os efectos da presente sección, toda referencia feita nas disposicións mencionadas nos números 3 e 5 ás plantas nai iniciais entenderase feita ás plantas nai certificadas, e toda referencia aos materiais iniciais entenderase feita a materiais certificados.

7. Cando unha planta nai ou uns materiais de base certificados deixen de cumprir os requisitos do artigo 58, do artigo 59.6 e dos artigos 63, 72 e 73, o fornecedor retiraraos dos arredores doutras plantas nai e materiais certificados. A planta nai ou os materiais retirados poderanse utilizar como materiais CAC ou estándar sempre que cumpran os requisitos establecidos na sección 4.^a

En lugar de retirar a dita planta nai ou os ditos materiais, o fornecedor poderá tomar medidas adecuadas para garantir que volvan cumprir os requisitos.

8. Cando un portaenxerto que non pertenza a unha variedade sexa unha planta nai certificada ou un material certificado que deixasen de cumprir os requisitos do artigo 59.6 e dos artigos 63, 72 e 73, o fornecedor retirarao dos arredores doutras plantas nai e materiais certificados. A planta nai ou os materiais retirados poderanse utilizar como materiais CAC ou estándar sempre que cumpran os requisitos establecidos na sección 4.^a

En lugar de retirar o portaenxerto, o fornecedor poderá tomar medidas adecuadas para garantir que volva cumprir os requisitos.

Artigo 72. *Requisitos de sanidade.*

1. Unha planta nai certificada ou os materiais certificados estarán libres dos organismos nocivos enumeradas no anexo I, parte A, e no anexo II ou II bis, polo que se refire ao xénero ou á especie de que se trate.

Deberá comprobarse mediante inspección visual das instalacións, dos campos e dos lotes, que esta planta nai certificada ou estes materiais certificados están libres dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II ou II bis, polo que se refire ao xénero ou á especie de que se trate. A inspección visual realizaraa o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor.

A porcentaxe de plantas nai certificadas ou materiais certificados que estean infestados polos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte B, non superará os niveis de tolerancia que o mesmo anexo establece. Deberase comprobar mediante inspección visual das instalacións, dos campos e dos lotes, que estas plantas nai certificadas ou estes materiais certificados respectan eses niveis. A inspección visual realizaraa o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor.

En caso de dúbida sobre a presenza destes organismos nocivos, o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor levarán a cabo as mostraxes e ensaios das plantas nai certificadas ou dos materiais certificados de que se trate.

2. O organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor efectuarán unha inspección visual, mostraxes e ensaios da planta nai certificada ou dos materiais certificados, como establece o anexo II *quáter* para o xénero ou a especie de que se trate.

3. O número 1 non se aplicará ás plantas nai certificadas nin aos materiais certificados durante a criopreservación.

Artigo 73. *Requisitos relativos ao solo.*

1. As plantas nai certificadas só se poderán cultivar nun solo libre de todos os organismos nocivos enumerados no anexo II ter, en función do xénero ou da especie de que se trate, e daquelas que son reservorios de virus que afectan o dito xénero ou especie. Unhas mostraxes e ensaios deberán establecer que o terreo está exento dos ditos organismos nocivos que son reservorios dos virus.

As mostraxes realizaraas o organismo oficial responsable e, se for o caso, o fornecedor.

As mostraxes e ensaios levaranse a cabo antes de plantar esas plantas nai certificadas e repetiranse durante o crecemento cando se sospeite a presenza dos organismos nocivos determinados no número 1.

As mostraxes e ensaios levaranse a cabo tendo en conta as condicións climáticas e a bioloxía dos organismos nocivos enumerados no anexo II ter, e cando estes organismos nocivos sexan relevantes para as ditas plantas nai certificadas ou os ditos materiais certificados.

2. Non se levarán a cabo mostraxes e ensaios se as plantas que poden hospedar os organismos nocivos enumerados no anexo II ter en función do xénero ou a especie de que se trate non foron cultivadas no solo de produción durante un período de, ao menos, cinco anos e non hai ningunha dúbida sobre a ausencia dos seus organismos nocivos nese solo.

Non se levarán cabo mostraxes e ensaios se o organismo oficial responsable decide, sobre a base dunha inspección oficial, que o solo está libre de todos os organismos nocivos enumerados no anexo II ter, en función do xénero ou da especie de que se trate, e daquelas que son reservorios de virus que afectan o dito xénero ou especie.

Non se realizarán mostraxes e ensaios no caso dos chantóns de froiteira certificados.

3. No caso das mostraxes e ensaios mencionados no número 1, aplicaranse os protocolos da OEPP ou outros protocolos internacionalmente recoñecidos. Nos casos en que non existan tales protocolos, aplicaranse os protocolos pertinentes establecidos no ámbito nacional. En tal caso, logo de solicitude, poranse os protocolos á disposición dos demais Estados membros e da Comisión.»

Dezanove. Os artigos 53, 54 e 55 renuméranse e pasan a ser os artigos 74, 75 e 76 respectivamente, todos eles dentro do capítulo XI.

Vinte. Os artigos 56 e 57 renuméranse e pasan a ser os artigos 77 e 78, ambos dentro do capítulo XII.

Vinte e un. A disposición adicional primeira pasa a ter a seguinte redacción:

«Disposición adicional primeira. *Normas ditadas en materia de comercio exterior.*

Os artigos 74, 75 e 76 do presente real decreto, no relativo ao comercio con terceiros países, dítanse ao abeiro da competencia atribuída ao Estado polo artigo 149.1.10.^a da Constitución.»

Vinte e dous. O anexo I substitúese polo seguinte:

«ANEXO I

Lista de organismos nocivos que requiren inspección visual e, en determinadas condicións, mostraxe e ensaio para constatar a súa presenza

Parte A

Lista de organismos nocivos que deben estar ausentes, ou practicamente ausentes, conforme o disposto nos artigos 60.1, 61.1, 67.1, 72.1 e 19 *quáter*.1.

Xénero ou especie	Organismos nocivos
<i>Castanea sativa</i> Mill.	Fungos: <i>Mycosphaerella maculiformis</i> <i>Phytophthora cambivora</i> <i>Phytophthora cinnamomi</i> Doenzas semellantes ás víricas Virus do mosaico do castiñeiro (ChMV)

Xénero ou especie	Organismos nocivos
<i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle e <i>Poncirus</i> Raf.	Insectos: <i>Aleurotrixus floccosus</i> <i>Parabemisia myricae</i> Nematodos <i>Pratylenchus vulnus</i> <i>Tylenchus semi-penetrans</i> Fungos <i>Phytophthora citroptora</i> <i>Phytophthora parasitica</i>
<i>Corylus avellana</i> L.	Ácaros: <i>Phytoptus avellanae</i> Fungos: <i>Armillariella mellea</i> <i>Verticillium dahliae</i> <i>Verticillium alboatrum</i> Bacterias: <i>Xanthomonas arboricola</i> pv. <i>corylina</i> <i>Pseudomonas avellanae</i>
<i>Cydonia oblonga</i> Mill., <i>Malus</i> Mill. e <i>Pyrus</i> L.	Insectos: <i>Eriosoma lanigerum</i> <i>Psylla</i> spp. Nematodos <i>Meloidogyne hapla</i> <i>Meloidogyne javanica</i> <i>Pratylenchus penetrans</i> <i>Pratylenchus vulnus</i> Fungos: <i>Armillariella mellea</i> <i>Chondrostereum purpureum</i> <i>Glomerella cingulata</i> <i>Pezicula alba</i> <i>Pezicula malicorticis</i> <i>Nectria galligena</i> <i>Phytophthora cactorum</i> <i>Roessleria pallida</i> <i>Verticillium dahliae</i> <i>Verticillium alboatrum</i> Bacterias <i>Agrobacterium tumefaciens</i> <i>Pseudomonas syringae</i> pv. <i>syringae</i> Virus: Os que non figuran no anexo II bis
<i>Ficus carica</i> L.	Insectos: <i>Ceroplastes rusci</i> Nematodos <i>Heterodera fici</i> <i>Meloidogyne arenaria</i> <i>Meloidogyne incognita</i> <i>Meloidogyne javanica</i> <i>Pratylenchus penetrans</i> <i>Pratylenchus vulnus</i> Fungos: <i>Armillaria mellea</i> Bacterias <i>Phytomonas fici</i> Doenzas semellantes ás víricas Mosaico do figo

Xénero ou especie	Organismos nocivos
<i>Juglans regia</i> L.	Insectos: <i>Epidiaspis leperii</i> <i>Pseudaulacaspis pentagona</i> <i>Quadraspidiotus perniciosus</i> Fungos: <i>Armillariella mellea</i> <i>Nectria galligena</i> <i>Chondrostereum purpureum</i> <i>Phytophthora cactorum</i> Bacterias: <i>Agrobacterium tumefaciens</i> <i>Xanthomonas arboricola</i> pv. <i>juglandi</i>
<i>Olea europaea</i> L.	Nematodos <i>Meloidogyne arenaria</i> <i>Meloidogyne incognita</i> <i>Meloidogyne javanica</i> <i>Pratylenchus vulnus</i> Bacterias: <i>Pseudomonas savastanoi</i> pv. <i>savastanoi</i> Doenzas semellantes ás víricas Doenza complexa do amarelamento das follas
<i>Pistacia vera</i> L.	
<i>Prunus amygdalus</i> , <i>P. armeniaca</i> , <i>P. domestica</i> , <i>P. persica</i> e <i>P. salicina</i>	Insectos: <i>Pseudaulacaspis pentagona</i> <i>Quadraspidiotus perniciosus</i> Nematodos <i>Meloidogyne arenaria</i> <i>Meloidogyne javanica</i> <i>Meloidogyne incognita</i> <i>Pratylenchus penetrans</i> <i>Pratylenchus vulnus</i> Fungos: <i>Phytophthora cactorum</i> <i>Verticillium dahliae</i> Bacterias: <i>Agrobacterium tumefaciens</i> <i>Pseudomonas syringae</i> pv. <i>morsprunorum</i> <i>Pseudomonas syringae</i> pv. <i>syringae</i> (sobre <i>P. armeniaca</i>) <i>Pseudomonas viridiflava</i> (sobre <i>P. armeniaca</i>)
<i>Prunus avium</i> , <i>P. cerasus</i>	Insectos: <i>Quadraspidiotus perniciosus</i> Nematodos: <i>Meloidogyne arenaria</i> <i>Meloidogyne javanica</i> <i>Meloidogyne incognita</i> <i>Pratylenchus penetrans</i> <i>Pratylenchus vulnus</i> Fungos: <i>Phytophthora cactorum</i> Bacterias: <i>Agrobacterium tumefaciens</i> <i>Pseudomonas syringae</i> pv. <i>morsprunorum</i>

Xénero ou especie	Organismos nocivos
<i>Ribes</i> L.	Insectos e ácaros: <i>Dasyneura tetensi</i> <i>Ditylenchus dipsaci</i> <i>Pseudaulacaspis pentagona</i> <i>Quadraspidiotus perniciosus</i> <i>Tetranychus urticae</i> <i>Cecidophyopsis ribis</i> Fungos: <i>Sphaerotheca mors uvae</i> <i>Microsphaera grossulariae</i> <i>Diaporthe strumella</i> (<i>Phomopsis ribicola</i>)
<i>Rubus</i> L.	Fungos: <i>Peronospora rubi</i> .

Parte B

Lista de organismos nocivos que deben estar ausentes, practicamente ausentes, ou presentes en niveis tolerados, conforme o disposto nos artigos 60.1, 61.1, 67.1, 72.1 e 19 quáter.1.

Organismos nocivos, por xénero e especie	Niveis de tolerancia (%) nos materiais		
	Iniciais	De base	Certificados
<i>Fragaria</i> L.			
Insectos e ácaros			
<i>Chaetosiphon fragaefoliae</i>	0	0,5	1
<i>Phytonemus pallidus</i>	0	0	0,1
Nematodos			
<i>Aphelenchoides fragariae</i>	0	0	1
<i>Ditylenchus dipsaci</i>	0	0,5	1
<i>Meloidogyne hapla</i>	0	0,5	1
<i>Pratylenchus vulnus</i>	0	1	1
Fungos			
<i>Rhizoctonia fragariae</i>	0	0	1
<i>Podosphaera aphanis</i> (Wallroth) Braun e Takamatsu	0	0,5	1
<i>Verticillium albo-atrum</i>	0	0,2	2
<i>Verticillium dahliae</i>	0	0,2	2
Bacterias			
<i>Candidatus Phlomobacter fragariae</i>	0	0	1
Virus			
Virus do mosaico do amorodo (SMoV)	0	0,1	2
Fitoplasmose	0	0	1
Fitoplasma do amarelamento do áster	0	0,2	1
Doenza multiplicadora	0	0,1	0,5
Stolbur da deterioración letal do amorodo	0	0,2	1
Fitoplasmas do pétalo verde do amorodo	0	0	1
<i>Candidatus phytoplasma fragariae</i>	0	0	1
<i>Ribes</i> L.			
Nematodos			
<i>Aphelenchoides ritzemabosi</i>	0	0,05	0,5
Virus			
Do mosaico da <i>Aucuba</i> e do amarelamento da grosella negra combinados	0	0,05	0,5

Organismos nocivos, por xénero e especie	Niveis de tolerancia (%) nos materiais		
	Iniciais	De base	Certificados
Do aclaramento e da clorose da grosella negra, e da necrose das veas da grosella de espiñas	0	0,05	0,5
<i>Rubus</i> L.			
Insectos			
<i>Resseliella theobaldi</i>	0	0	0,5
Bacterias			
<i>Agrobacterium</i> spp.	0	0,1	1
<i>Rhodococcus fascians</i>	0	0,1	1
Virus			
<i>Virus do mosaico da maceira</i> (ApMV), <i>virus da necrose da framboeseira negra</i> (BRNV), <i>virus do mosaico do cogombro</i> (CMV), <i>virus das pintas da folla da framboeseira</i> (RLMV), <i>virus da mancha da folla da framboeseira</i> (RLSV), <i>virus da clorose dos nervios da framboeseira</i> (RVCV), <i>virus da mancha amarela de Rubus</i> (RYNV)	0	0	0,5
<i>Vaccinium</i> L.			
Fungos			
<i>Exobasidium vaccinii</i> var. <i>Vaccinii</i>	0	0,5	1
<i>Godronia cassandrae</i> (anamorfa <i>Topospora myrtilli</i>)	0	0,1	0,5
Bacterias			
<i>Agrobacterium tumefaciens</i>	0	0	0,5
Virus	0	0	0,5

Vinte e tres. O anexo II queda redactado como segue:

Familia, xénero ou especie	Organismos nocivos e doenzas
<i>Musa</i> L. Bananeira.	Insectos, ácaros e nematodos en todas as súas fases de desenvolvemento: <i>Tetranychus</i> sp. <i>Pentalonia nigronervosa</i> . <i>Aphis gossypii</i> . <i>Dyscomicoccus alazon</i> . <i>Dyscomicoccus brevipis</i> . <i>Aspidiotus</i> sp. <i>Planococcus citri</i> . <i>Opogona sachari</i> . <i>Cosmopolites sordidus</i> . <i>Hercinothrips femoralis</i> . <i>Pratylenchus</i> sp. <i>Helicotylenchus</i> sp. <i>Meloidogyne</i> sp. Fungos: <i>Fusarium oxysporum</i> sbp <i>cubense</i> .
<i>Actinidia</i> Lindl.	Fungos: <i>Phytophthora</i> spp. Bacterias: <i>Pseudomonas syringae</i> pv <i>actinidiae</i> Takikawa, Serizawa, Ichikawa, Tsuyumu & Goto. <i>Pseudomonas veridiflava</i> (Burkholder) Dowson.

Familia, xénero ou especie	Organismos nocivos e doenzas
<i>Ceratonia siliqua</i> L. Alfarrobeira.	Insectos, ácaros e nematodos en todas as fases do seu desenvolvemento: <i>Zeuzera pyrina</i> L. <i>Aspidiotus nerii</i> Bouché. <i>Meloidogyne</i> spp. Fungos: <i>Oidium ceratoniae</i> Comes. <i>Pseudocercospora ceratoniae</i> (Pat. & Trab.) Deighton.
<i>Diospyros</i> L. Caqui (<i>Diospyros kaki</i> L. f., <i>Diospyros lotus</i> L., <i>Diospyros virginiana</i> L.).	Insectos, ácaros e nematodos en todas a súa fases de desenvolvemento: <i>Cochinilla</i> algodón/melazas, en particular: <i>Planococcus citri</i> (Risso). <i>Pseudococcus viburni</i> (Signoret) (Hemiptera: Pseudococcidae). <i>Cochinillas</i> , en particular: <i>Saissetia oleae</i> (Olivier), <i>Parthenolecanium corni</i> (Bouché), <i>Ceroplastes sinensis</i> Del Guercio, <i>Coccus hesperidum</i> L. Fungos: <i>Mycosphaerella nawae</i> Hiura & Ikata –só en plantas con follas–. <i>Rosellinia necatrix</i> Berl. ex Prill. <i>Armillaria mellea</i> (Vahl) Kummer. <i>Phytophthora</i> spp. Bacterias: <i>Agrobacterium tumefaciens</i> (Smith & Townsend) Conn.
<i>Punica granatum</i> L. Milgrandeira.	Insectos, ácaros e nematodos en todas as fases do seu desenvolvemento: <i>Cochinilla</i> algodón/melazas, en particular: <i>Planococcus citri</i> Risso. <i>Ceroplastes sinensis</i> Del Guercio. <i>Zeuzera pyrina</i> L. <i>Helicotylenchus</i> spp. <i>Longidorus</i> spp. <i>Meloidogyne</i> spp. <i>Tylenchorhynchus</i> spp. Fungos: <i>Alternaria alternata</i> (Fr.) Keissl –estirpes patóxenas en follas–. <i>Armillaria mellea</i> (Vahl) Kummer. <i>Phytophthora</i> spp. <i>Rosellinia necatrix</i> Berl. ex Prill. Virus: <i>Cucumber mosaic virus</i> (CMV).

Vinte e catro. Incorporáanse os anexos II bis, II ter, II quáter e II quinquies.

«ANEXO II bis

Lista de organismos nocivos que requiren inspección visual e, en determinadas condicións, mostraxe e ensaio conforme o disposto nos artigos 60, números 2 e 4, 61.1, 67.1, 72.1, e 19 quáter, números 1 e 4

Xénero ou especie	Organismos nocivos
<i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf.	Virus. Virus da variegación dos cítricos (CVV). Virus da psorose dos cítricos (CPsV). Virus da mancha foliar dos cítricos (CLBV). Doenzas semellantes ás víricas. Impietratura. Cristacortis. Viroides. Viroide da exocortis dos cítricos (CEVd). Viroide do ananismo do lúpulo (HSVd) variedade caquéctica.

Xénero ou especie	Organismos nocivos
<i>Corylus avellana</i> L.	Virus: Virus do mosaico da maceira (ApMV). Fitoplasmas. Fitoplasma da <i>mancha linear da abeieira</i> .
<i>Cydonia oblonga</i> Mill. e <i>Pyrus</i> L.	Virus: Virus das manchas cloróticas da maceira (ACLSV). Virus da madeira asucada da maceira (ASGV). Virus da madeira estriada da maceira (ASPV). Doenzas semellantes ás víricas. Fendeduras da casca, necrose da casca. Cancro da casca. Madeira gomosa, pústulas amarelas do marmelo. Viroides. Viroide dos cancos pustulosos da <i>pereira</i> (PBCVd).
<i>Fragaria</i> L.	Nematodos: <i>Aphelenchoides blastoforus</i> . <i>Aphelenchoides fragariae</i> . <i>Aphelenchoides ritzemabosi</i> . <i>Dytilenchus dipsaci</i> . Fungos: <i>Phytophthora cactorum</i> . <i>Colletotrichum acutatum</i> . Virus: Virus do mosaico do amorodo (SMoV).
<i>Juglans regia</i> L.	Virus: Virus do enrolamento da folla da <i>cerdeira</i> (CLRV).
<i>Malus</i> Mill.	Virus: Virus das manchas cloróticas da maceira (ACLSV). Virus do mosaico da maceira (ApMV). Virus da madeira asucada da maceira (ASGV). Virus da madeira estriada da maceira (ASPV). Doenzas semellantes ás víricas. Madeira gomosa, rama chata. Lesión en forma de ferradura. Doenzas dos froitos: froito atrofiado, engurramento verde, doenza de Ben Davis, pel rugosa, fisura en estrela, anel ferruxento, carúncula ferruxenta: Viroides. Viroide da <i>pel cicatrizada da mazá</i> (ASSVd). Viroide da <i>picadura da mazá</i> (ADFVd).
<i>Olea europaea</i> L.	Fungos: <i>Verticillium dahliae</i> . Virus: Virus do mosaico do <i>Arabis</i> (ArMV). Virus do enrolamento da folla da <i>cerdeira</i> (CLRV). Virus latente das manchas anulares do amorodo (SLRSV).
<i>Prunus amygdalus</i> Batsch	Virus: Virus das manchas cloróticas da maceira (ACLSV). Virus do mosaico da maceira (ApMV). Virus do ananismo da <i>ameixeira</i> (PDV). Virus dos aneis necróticos dos <i>Prunus</i> (PNRSV).

Xénero ou especie	Organismos nocivos
<i>Prunus armeniaca</i> L.	<p>Virus:</p> <p><i>Virus das manchas cloróticas da maceira</i> (ACLSV).</p> <p><i>Virus do mosaico da maceira</i> (ApMV).</p> <p><i>Virus latente do albaricoque</i> (ApLV).</p> <p><i>Virus do ananismo da ameixeira</i> (PDV).</p> <p><i>Virus dos aneis necróticos dos Prunus</i> (PNRSV).</p>
<i>Prunus avium</i> e <i>P. cerasus</i>	<p>Virus:</p> <p><i>Virus das manchas cloróticas da maceira</i> (ACLSV).</p> <p><i>Virus do mosaico da maceira</i> (ApMV).</p> <p><i>Virus do mosaico do Arabis</i> (ArMV).</p> <p><i>Virus das pintas anulares da cerdeira</i> (CGRMV).</p> <p><i>Virus do enrolamento da folla da cerdeira</i> (CLRV).</p> <p><i>Virus da mancha ferruxenta da folla da cerdeira</i> (CNRMV).</p> <p><i>Virus da cereixa pequena 1 e 2</i> (LChV1, LChV2).</p> <p><i>Virus das pintas da folla da cerdeira</i> (ChMLV).</p> <p><i>Virus do ananismo da ameixeira</i> (PDV).</p> <p><i>Virus dos aneis necróticos dos Prunus</i> (PNRSV).</p> <p><i>Virus das manchas anulares da framboeseira</i> (RpRSV).</p> <p><i>Virus latente das manchas anulares do amorodo</i> (SLRSV).</p> <p><i>Virus da mancha negra do tomate</i> (TBRV).</p>
<i>Prunus domestica</i> e <i>P. salicina</i>	<p>Virus:</p> <p><i>Virus das manchas cloróticas da maceira</i> (ACLSV).</p> <p><i>Virus do mosaico da maceira</i> (ApMV).</p> <p><i>Virus latente das manchas anulares do abruñeiro dos xardíns</i> (SLRSV).</p> <p><i>Virus do ananismo da ameixeira</i> (PDV).</p> <p><i>Virus dos aneis necróticos dos Prunus</i> (PNRSV).</p>
<i>Prunus persica</i>	<p>Virus:</p> <p><i>Virus das manchas cloróticas da maceira</i> (ACLSV).</p> <p><i>Virus do mosaico da maceira</i> (ApMV).</p> <p><i>Virus latente do albaricoque</i> (ApLV).</p> <p><i>Virus do ananismo da ameixeira</i> (PDV).</p> <p><i>Virus dos aneis necróticos dos Prunus</i> (PNRSV).</p> <p><i>Virus latente das manchas anulares do amorodo</i> (SLRSV).</p> <p>Viroides.</p> <p><i>Viroides do mosaico latente do pexegueiro</i> (PLMVd).</p>
<i>Ribes</i> L.	<p>Virus:</p> <p>Segundo conveña, en función da especie de que se trate.</p> <p><i>Virus do mosaico do Arabis</i> (ArMV).</p> <p><i>Virus da reversión virótica da groselleira</i> (BRV).</p> <p><i>Virus do mosaico do cogombro</i> (CMV).</p> <p><i>Virus asociados á necrose das veas da grosella de espiñas</i> (GVBaV).</p> <p><i>Virus latente das manchas anulares do amorodo</i> (SLRSV).</p> <p><i>Virus das manchas anulares da framboeseira</i> (RpRSV).</p>

Xénero ou especie	Organismos nocivos
<i>Rubus</i> L.	<p>Fungos: <i>Phytophthora</i> spp. que infecta <i>Rubus</i>.</p> <p>Virus: Segundo conveña, en función da especie de que se trate. <i>Virus do mosaico da maceira</i> (ApMV). <i>Virus da necrose da framboeseira negra</i> (BRNV). <i>Virus do mosaico do cogombro</i> (CMV). <i>Virus das pintas da folla da framboeseira</i> (RLMV). <i>Virus da mancha da folla da framboeseira</i> (RLSV). <i>Virus da clorose dos nervios da framboeseira</i> (RVCV). <i>Virus da mancha amarela de Rubus</i> (RINV). <i>Virus do ananismo arbustivo da framboeseira</i> (RBDV).</p> <p>Fitoplasmas: <i>Fitoplasma do ananismo da ameixeira</i>.</p> <p>Doenzas semellantes ás víricas. Mancha amarela da framboeseira.</p>
<i>Vaccinium</i> L.	<p>Virus: <i>Virus do arando formador de cordonciños</i> (BSSV). <i>Virus das manchas anulares vermellas do arando</i> (BRRSV). Virus da brunidura necrótica do arando (BIScV). Virus do choque do arando (BIShV).</p> <p>Fitoplasmas: <i>Fitoplasma do ananismo do arando</i>. <i>Fitoplasma da vasoira de meiga do arando</i>. <i>Fitoplasma da floración falsa do arando vermello</i>.</p> <p>Doenzas semellantes ás víricas. Mosaico do arando. Manchas anulares do arando vermello.</p>

ANEXO II ter

Lista de organismos nocivos cuxa presenza no só está regulada polo artigo 62, números 1 e 2, polo artigo 68, números 1 e 2, e polo artigo 73, números 1 e 2

Xénero ou especie	Organismos nocivos específicos
<i>Fragaria</i> L.	<p>Nematodos: <i>Longidorus attenuatus</i>. <i>Longidorus elongatus</i>. <i>Longidorus macrosoma</i>. <i>Xiphinema diversicaudatum</i>.</p>
<i>Juglans regia</i> L.	<p>Nematodos: <i>Xiphinema diversicaudatum</i>.</p>
<i>Olea europaea</i> L.	<p>Nematodos: <i>Xiphinema diversicaudatum</i>.</p>
<i>Pistacia vera</i> L.	<p>Nematodos: <i>Xiphinema index</i>.</p>
<i>Prunus avium</i> e <i>P. cerasus</i>	<p>Nematodos: <i>Longidorus attenuatus</i>. <i>Longidorus elongatus</i>. <i>Longidorus macrosoma</i>. <i>Xiphinema diversicaudatum</i>.</p>

Xénero ou especie	Organismos nocivos específicos
<i>P. domestica</i> , <i>P. persica</i> e <i>P. salicina</i>	Nematodos: <i>Longidorus attenuatus</i> . <i>Longidorus elongatus</i> . <i>Xiphinema diversicaudatum</i> .
<i>Ribes</i> L.	Nematodos: <i>Longidorus elongatus</i> . <i>Longidorus macrosoma</i> . <i>Xiphinema diversicaudatum</i> .
<i>Rubus</i> L.	Nematodos: <i>Longidorus attenuatus</i> . <i>Longidorus elongatus</i> . <i>Longidorus macrosoma</i> . <i>Xiphinema diversicaudatum</i> .

ANEXO II quáter

Requisitos relativos á inspección visual, ás mostraxes e aos ensaios por xéneros ou especies e categoría, conforme os artigos 61.2, 67.2, 72.2 e 19 quáter.2

Castanea sativa Mill.:

Todas as categorías.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Mostraxe e ensaio.

A mostraxe e o ensaio realizaranse se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Citrus L., *Fortunella* Swingle, *Poncirus* Raf:

Categoría inicial.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo dúas veces ao ano.

Mostraxe e ensaio.

Cada planta nai inicial será obxecto de mostraxe e ensaio seis anos despois da súa aceptación como planta nai inicial e, posteriormente, cada seis anos para detectar os organismos nocivos que figuran no anexo II bis, así como se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Categoría de base.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Mostraxe e ensaio.

Unha parte representativa das plantas nai de base será obxecto de mostraxe e ensaio cada seis anos, en función dunha avaliación do seu risco de infección, para detectar os organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II.

Categorías certificada e CAC.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Mostraxe e ensaio.

A toma de mostras e as mostraxes deberán levarse a cabo se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e anexo II bis.

Corylus avellana L.:

Todas as categorías.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Mostraxe e ensaio.

A toma de mostras e as mostraxes deberán levarse a cabo se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Cydonia oblonga Mill., Malus Mill., Pyrus L.:

Todas as categorías.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Categoría inicial.

Mostraxe e ensaio.

Cada planta nai inicial será obxecto de mostraxe e ensaio quince anos despois da súa aceptación como planta nai inicial e, posteriormente, cada quince anos para detectar os organismos nocivos, distintos das doenzas semellantes ás víricas e dos viroides, que figuran no anexo II, así como se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Categoría de base.

Mostraxe e ensaio.

Unha parte representativa das plantas nai de base será obxecto de mostraxe e ensaio cada quince anos, en función dunha avaliación do seu risco de infección, para detectar organismos nocivos distintos das doenzas semellantes ás víricas e dos viroides que figuran no anexo II, así como se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Categoría certificada.

Mostraxe e ensaio.

Unha parte representativa das plantas nai certificadas será obxecto de mostraxe e ensaio cada quince anos, en función dunha avaliación do seu risco de infección, para detectar organismos nocivos distintos das doenzas semellantes ás víricas e dos viroides que figuran no anexo II, así como se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Os chantóns de froiteira certificados serán obxecto de mostraxe e ensaio se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II bis.

Categoría CAC.

Mostraxe e ensaio.

Procederáse á súa mostraxe e ensaio se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II.

Ficus carica L.:

Todas as categorías.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Mostraxe e ensaio.

A mostraxe e o ensaio realizaranse se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Fragaria L.:

Todas as categorías.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo dúas veces ao ano durante o período de crecemento.

No caso de plantas e de material producidos por micropropagación que se manteñan durante menos de tres meses, basta cunha inspección nese período.

Categoría inicial.

Mostraxe e ensaio.

Cada planta nai inicial será obxecto de mostraxe e ensaio un ano despois da súa aceptación como planta nai inicial e, posteriormente, cada ano para detectar os organismos nocivos que figuran no anexo II, así como se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte B.

Categorías de base, certificada e CAC.

Mostraxe e ensaio.

Procederáse á súa mostraxe e ensaio se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte B, e no anexo II bis.

Juglans regia L.:

Todas as categorías.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Categoría inicial.

Mostraxe e ensaio.

Cada planta nai inicial en floración será obxecto de mostraxe e ensaio un ano despois da súa aceptación como planta nai inicial e, posteriormente, cada ano para detectar os organismos nocivos que figuran no anexo II, así como se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Categoría de base.

Mostraxe e ensaio.

Unha parte representativa das plantas nai de base será obxecto de mostraxe e ensaio cada ano, en función dunha avaliación do seu risco de infección, para detectar os organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II bis.

Categoría certificada.

Mostraxe e ensaio.

Unha parte representativa das plantas nai certificadas será obxecto de mostraxe e ensaio cada tres anos, en función dunha avaliación do seu risco de infección, para detectar os organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II.

Os chantóns de froiteira certificados serán obxecto de mostraxe e ensaio se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II bis.

Categoría CAC.

Mostraxe e ensaio.

Procederáse á súa mostraxe e ensaio se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II bis.

Olea europaea L.:

Todas as categorías.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Categoría inicial.

Mostraxe e ensaio.

Cada planta nai inicial será obxecto de mostraxe e ensaio dez anos despois da súa aceptación como planta nai inicial e, posteriormente, cada dez anos para detectar os organismos nocivos que figuran no anexo II, así como se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Categoría de base.

Mostraxe e ensaio.

Unha parte representativa das plantas nai de base será obxecto de mostraxe para que nun período de trinta anos todas as plantas se sometesen a ensaio, en función dunha avaliación do seu risco de infección, para detectar os organismos nocivos que figuran no anexo I, parte A, e no anexo II bis.

Categoría certificada.

Mostraxe e ensaio.

Polo que respecta ás plantas nai utilizadas para producir sementes (no sucesivo, «plantas nai de semente»), unha parte representativa das plantas nai de semente será obxecto de mostraxe para que nun período de corenta anos todas as plantas se sometesen a ensaio, en función dunha avaliación do seu risco de infección, para detectar os organismos nocivos que figuran no anexo I, parte A, e no anexo II. Unha parte representativa das plantas nai distintas das de semente será obxecto de mostraxe para que nun período de trinta anos todas as plantas se sometesen a ensaio, en función dunha avaliación do seu risco de infección, para detectar os organismos nocivos que figuran no anexo I, parte A, e no anexo II bis.

Categoría CAC.

Mostraxe e ensaio.

Procederáse á súa mostraxe e ensaio se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II bis.

Pistacia vera L.:

Todas as categorías.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Mostraxe e ensaio.

A mostraxe e o ensaio realizaranse se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Prunus amygdalus, *P. armeniaca*, *P. domestica*, *P. persica* e *P. salicina*:

Todas as categorías.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Categoría inicial.

Mostraxe e ensaio.

Cada planta nai inicial en floración será obxecto de mostraxe e ensaio para detectar PDV e PNRSV un ano despois da súa aceptación como planta nai inicial e, posteriormente, cada ano. Cada árbore plantada deliberadamente para polinización e, cando proceda, as principais árbores polinizadoras do ambiente serán obxecto de mostraxe e ensaio para detectar PDV e PNRSV.

Cada planta nai inicial en floración de *P. persica* será obxecto de mostraxe e ensaio para detectar PLMVd un ano despois da súa aceptación como planta nai inicial.

Cada planta nai inicial será obxecto de mostraxe e ensaio dez anos despois da súa aceptación como planta nai inicial e, posteriormente, cada dez anos para

detectar virus distintos de PDV e PNRSV que afectan esa especie e que figuran no anexo II, así como se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Categoría de base.

Mostraxe e ensaio.

Unha parte representativa das plantas nai de base en floración será obxecto de mostraxe e ensaio cada ano para detectar PDV e PNRSV, en función dunha avaliación do seu risco de infección. Unha parte representativa das árbores plantadas deliberadamente para polinización e, cando proceda, as principais árbores polinizadoras do ambiente serán obxecto de mostraxe e ensaio para detectar PDV e PNRSV, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Unha parte representativa das plantas nai de base en floración de *P. persica* será obxecto de mostraxe e ensaio para detectar PLMVd unha vez ao ano, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Unha parte representativa das plantas nai de base que non se encontren en floración será obxecto de mostraxe e ensaio cada tres anos para detectar PDV e PNRSV, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Unha parte representativa das plantas nai de base será obxecto de mostraxe e ensaio cada dez anos para detectar organismos nocivos distintos de PDV e PNRSV, que afectan esa especie e están enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II bis, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Categoría certificada.

Mostraxe e ensaio.

Unha parte representativa das plantas nai certificadas en floración será obxecto de mostraxe e ensaio cada ano para detectar PDV e PNRSV, en función dunha avaliación do seu risco de infección. Unha parte representativa das árbores plantadas deliberadamente para polinización e, cando proceda, as principais árbores polinizadoras do ambiente serán obxecto de mostraxe e ensaio para detectar PDV e PNRSV, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Unha parte representativa das plantas nai certificadas en floración de *P. persica* será obxecto de mostraxe e ensaio para detectar PLMVd unha vez ao ano, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Unha parte representativa das plantas nai certificadas que non se encontren en floración será obxecto de mostraxe e ensaio cada tres anos para detectar PDV e PNRSV, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Unha parte representativa das plantas nai certificadas será obxecto de mostraxe e ensaio cada quince anos para detectar organismos nocivos, distintos de PDV e PNRSV, que afectan esa especie e están enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II bis, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Categoría CAC.

Mostraxe e ensaio.

Procederá á súa mostraxe e ensaio se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II.

Prunus avium e *P. cerasus*:

Todas as categorías:

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Categoría inicial.

Mostraxe e ensaio.

Cada planta nai inicial en floración será obxecto de mostraxe e ensaio para detectar PDV e PNRSV un ano despois da súa aceptación como planta nai inicial e,

posteriormente, cada ano. Cada árbore plantada deliberadamente para polinización e, cando proceda, as principais árbores polinizadoras do ambiente serán obxecto de mostraxe e ensaio para detectar PDV e PNRSV.

Cada planta nai inicial será obxecto de mostraxe e ensaio dez anos despois da súa aceptación como planta nai inicial e, posteriormente, cada dez anos para detectar virus distintos de PDV e PNRSV que afectan esa especie e que figuran no anexo II bis así como se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Categoría de base.

Mostraxe e ensaio.

Unha parte representativa das plantas nai de base en floración será obxecto de mostraxe e ensaio cada ano para detectar PDV e PNRSV, en función dunha avaliación do seu risco de infección. Unha parte representativa das árbores plantadas deliberadamente para polinización e, cando proceda, as principais árbores polinizadoras do ambiente serán obxecto de mostraxe e ensaio para detectar PDV e PNRSV, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Unha parte representativa das plantas nai de base que non se encontren en floración será obxecto de mostraxe e ensaio cada tres anos para detectar PDV e PNRSV, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Unha parte representativa das plantas nai de base será obxecto de mostraxe e ensaio cada dez anos para detectar organismos nocivos, distintos de PDV e PNRSV, que afectan esa especie e están enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II bis, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Categoría certificada.

Mostraxe e ensaio.

Unha parte representativa das plantas nai certificadas en floración será obxecto de mostraxe e ensaio cada ano para detectar PDV e PNRSV, en función dunha avaliación do seu risco de infección. Unha parte representativa das árbores plantadas deliberadamente para polinización e, cando proceda, as principais árbores polinizadoras do ambiente serán obxecto de mostraxe e ensaio para detectar PDV e PNRSV, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Unha parte representativa das plantas nai certificadas que non se encontren en floración será obxecto de mostraxe e ensaio cada tres anos para detectar PDV e PNRSV, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Unha parte representativa das plantas nai certificadas será obxecto de mostraxe e ensaio cada quince anos para detectar organismos nocivos, distintos de PDV e PNRSV, que afectan esa especie e están enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II bis, en función dunha avaliación do seu risco de infección.

Categoría CAC.

Mostraxe e ensaio.

Procederáse á súa mostraxe e ensaio se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A, e no anexo II bis.

Ribes L.:

Categoría inicial.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo dúas veces ao ano.

Mostraxe e ensaio.

Cada planta nai inicial será obxecto de mostraxe e ensaio catro anos despois da súa aceptación como planta nai inicial e, posteriormente, cada catro anos para detectar os organismos nocivos que figuran no anexo II bis, así como se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Categorías de base, certificada e CAC.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Mostraxe e ensaio.

Procederáse á súa mostraxe e ensaio se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados nos anexos I e II bis.

Rubus L.:

Categoría inicial.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo dúas veces ao ano.

Mostraxe e ensaio.

Cada planta nai inicial será obxecto de mostraxe e ensaio dous anos despois da súa aceptación como planta nai inicial e, posteriormente, cada dous anos para detectar os organismos nocivos que figuran no anexo II bis, así como se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Categoría de base.

Inspección visual.

Se as plantas se cultivan no campo ou en testos, realizaranse inspeccións visuais dúas veces ao ano.

No caso de plantas e de material producidos por micropropagación que se manteñan durante menos de tres meses, basta cunha inspección nese período.

Mostraxe e ensaio.

Procederáse á súa mostraxe e ensaio se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados nos anexos I e II bis.

Categorías certificada e CAC.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Mostraxe e ensaio.

Procederáse á súa mostraxe e ensaio se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados nos anexos I e II bis.

Vaccinium L.:

Categoría inicial.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo dúas veces ao ano.

Mostraxe e ensaio.

Cada planta nai inicial será obxecto de mostraxe e ensaio cinco anos despois da súa aceptación como planta nai inicial e, posteriormente, cada cinco anos para detectar os organismos nocivos que figuran no anexo II bis, así como se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte A.

Categoría de base.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo dúas veces ao ano.

Mostraxe e ensaio.

Procederáse á súa mostraxe e ensaio se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte B, e no anexo II bis.

Categorías certificada e CAC.

Inspección visual.

As inspeccións visuais levaranse a cabo unha vez ao ano.

Mostraxe e ensaio.

Procederáse á súa mostraxe e ensaio se non está clara a presenza dos organismos nocivos enumerados no anexo I, parte B, e no anexo II bis.

ANEXO II *quinquies*

Número máximo autorizado de xeracións no campo, con presenza de insectos, e vida útil máxima autorizada das plantas nai de base por xénero ou especie, conforme o disposto no artigo 70.1

Castanea sativa Mill.:

Categoría de base.

Unha planta nai de base producida a partir de materiais iniciais poderase multiplicar por un máximo de dúas xeracións.

Se a planta nai de base producida a partir de materiais iniciais é un portaenxertos, poderase multiplicar por un máximo de tres xeracións.

Cando os portaenxertos formen parte de plantas nai de base, serán materiais de base da primeira xeración.

Citrus L., Fortunella Swingle, Poncirus Raf:

Categoría de base.

Unha planta nai de base producida a partir de materiais iniciais poderase multiplicar por un máximo dunha xeración.

Se a planta nai de base producida a partir de materiais iniciais é un portaenxertos, poderase multiplicar por un máximo de tres xeracións.

Cando os portaenxertos formen parte de plantas nai de base, serán materiais de base da primeira xeración.

Corylus avellana L.:

Categoría de base.

Unha planta nai de base producida a partir de materiais iniciais poderase multiplicar por un máximo de dúas xeracións.

Cydonia oblonga Mill., Malus Mill., Pyrus L.:

Categoría de base.

Unha planta nai de base producida a partir de materiais iniciais poderase multiplicar por un máximo de dúas xeracións.

Se a planta nai de base producida a partir de materiais iniciais é un portaenxertos, poderase multiplicar por un máximo de tres xeracións.

Cando os portaenxertos formen parte de plantas nai de base, serán materiais de base da primeira xeración.

Ficus carica L.:

Categoría de base.

Unha planta nai de base producida a partir de materiais iniciais poderase multiplicar por un máximo de dúas xeracións.

Fragaria L.:

Categoría de base.

Unha planta nai de base producida a partir de materiais iniciais poderase multiplicar por un máximo de cinco xeracións.

Juglans regia L.:

Categoría de base.

Unha planta nai de base producida a partir de materiais iniciais poderase multiplicar por un máximo de dúas xeracións.

Olea europaea L.:

Categoría de base.

Unha planta nai de base producida a partir de materiais iniciais poderase multiplicar por un máximo dunha xeración.

Prunus amygdalus, P. armeniaca, P. domestica, P. persica e P. salicina:

Categoría de base.

Unha planta nai de base producida a partir de materiais iniciais poderase multiplicar por un máximo de dúas xeracións.

Se a planta nai de base producida a partir de materiais iniciais é un portaenxertos, poderase multiplicar por un máximo de tres xeracións.

Cando os portaenxertos formen parte de plantas nai de base, serán materiais de base da primeira xeración.

Prunus avium e P. cerasus:

Categoría de base.

Unha planta nai de base producida a partir de materiais iniciais poderase multiplicar por un máximo de dúas xeracións.

Se a planta nai de base producida a partir de materiais iniciais é un portaenxertos, poderase multiplicar por un máximo de tres xeracións.

Cando os portaenxertos formen parte de plantas nai de base, serán materiais de base da primeira xeración.

Ribes L.:

Categoría de base.

Unha planta nai de base producida a partir de materiais iniciais poderase multiplicar por un máximo de tres xeracións. As plantas nai manteranse como tales durante un máximo de seis anos.

Rubus L.:

Categoría de base.

Unha planta nai de base producida a partir de materiais iniciais poderase multiplicar por un máximo de dúas xeracións. As plantas nai de cada xeración manteranse como tales durante un máximo de catro anos.

Vaccinium L.:

Categoría de base.

Unha planta nai de base producida a partir de materiais iniciais poderase multiplicar por un máximo de dúas xeracións.»

Vinte e cinco. Quedan derogados:

- a) o anexo IV,
- b) os artigos 1, 2 e 3.3 e o cadro A do anexo V,
- c) os artigos 1 e 4 e o cadro 2 do anexo VI,
- d) o artigo 4 do anexo VII,
- e) os artigos 1.1, 1.2, 1.3, 1.4, 3.1, 3.3, 3.4, 3.5 e o cadro A do anexo IX,
- f) e o anexo XIII.

Vinte e seis. O anexo X queda redactado como segue:

«ANEXO X

Categorías de plantas de viveiro en que se poden producir as distintas especies

1. Inicial, base, certificada e CAC:

a) Subgrupo cítricos: todas as especies botánicas incluídas na familia Rutaceae.

b) Subgrupo froiteiras de carabuña e pebida: todas as especies botánicas incluídas nos seguintes xéneros: *Prunus*, *Pyrus*, *Malus* e *Cydonia*.

c) Subgrupo outras froiteiras: todas as especies botánicas incluídas nos seguintes xéneros: *Juglans* L., *Corylus* L., *Pistacia* L., *Ribes* L., *Rubus* L., *Vaccinium* L., *Diospyros* L., *Actinidia* Lindl. e as especies *Castanea sativa* Mill., *Ceratonía siliqua* L., *Ficus carica* L. e *Punica granatum* L.

d) Subgrupo oliveira: todas as especies botánicas incluídas no xénero *Olea*.

e) Subgrupo amorodo: todas as especies botánicas incluídas no xénero *Fragaria*.

2. Inicial, base, certificada e estándar:

a) Subgrupo outras froiteiras: todas as especies botánicas incluídas nos seguintes xéneros: *Diospyros* L., *Actinidia* Lindl. e as especies *Ceratonía siliqua* L. e *Punica granatum* L..

b) Subgrupo bananeira: todas as especies botánicas incluídas no xénero *Musa*.

c) Subgrupo aguacate: todas as especies botánicas incluídas no xénero *Persea*.»

Disposición transitoria única. *Comercialización.*

Até o 31 de decembro de 2022 poderanse comercializar en España materiais de reprodución e de chantóns de froiteira elaborados con plantas nai iniciais, de base e certificadas ou materiais CAC ou estándar existentes antes do 1 de xaneiro de 2017, e que fosen oficialmente certificados ou cumpran as condicións para seren cualificados como materiais CAC ou estándar antes do 31 de decembro de 2022. Ao seren comercializados, estes materiais de reprodución e chantóns de froiteira irán identificados por referencia á presente disposición na etiqueta e nun documento.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante o presente real decreto incorpóranse ao dereito español a Directiva de execución 2014/98/UE da Comisión, do 15 de outubro de 2014, que desenvolve a Directiva 2008/90/CE do Consello no que respecta aos requisitos específicos para os xéneros e as especies de chantóns de froiteira incluídos no seu anexo I, os requisitos específicos que deben cumprir os fornecedores e as inspeccións oficiais, e a Directiva de execución 2014/96/UE da Comisión, do 15 de outubro de 2014, relativa aos requisitos de etiquetaxe, precintaxe e embalaxe aplicables aos materiais de multiplicación de froiteiras e de chantóns de froiteira destinados á produción frutícola incluídos no ámbito de aplicación da Directiva 2008/90/CE.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2017.

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA